

Tema 14

A crise de 1917, os gobernos de concentración

e a guerra de Marrocos

A crise de 1917

A partir de 1917 produciuse o deterioro progresivo do funcionamento do sistema e a existencia de crises políticas e sociais cada vez máis graves que minaron a monarquía constitucional e facilitaron o golpe de Estado militar de 1923.

Aínda que o Goberno de Dato declarou a España neutral na Primeira Guerra Mundial, o conflito tivo un grande impacto na sociedade española, tanto desde o punto de vista ideolóxico (aliadófilos fronte a xermanófilos) como económico, pois a guerra converteu a España en subministradora de todo tipo de produtos aos países belixerantes, o que provocou un incremento do desenvolvemento industrial e produtivo da economía española. Pero tamén provocou un aumento dos prezos, especialmente dos produtos de primeira necesidade, que escaseaban como resultado das masivas exportacións. Como os salarios non subían ao mesmo ritmo que os prezos, deterioráronse as condicións de vida das clases medias e populares, acentuándose o malestar social e político. Así, en 1917, produciuse a crise máis profunda do sistema da Restauración, resultado da confluencia de tres tipos de conflitos: o militar, o político e o social.

- **Crise militar (Xuño):** o descontento entre amplos sectores da oficialidade debíase ao número excesivo de oficiais existente no Exército, á vixencia dos ascensos por méritos de guerra e aos baixos salarios. Plasmouse na formación de Xuntas de Defensa que esixían un aumento salarial e a supresión dos ascensos por méritos de guerra, ao tempo que reclamaban do goberno unha renovación política. Foi un movemento esencialmente corporativo.
- **Crise política (Xullo):** a supresión das garantías constitucionais e a clausura das Cortes provocou a reunión en Barcelona, convocada pola “Lliga Regionalista” de Cambó, dunha Asemblea de Parlamentarios de toda España, aínda que só asistiu unha cativa minoría deles. Esixían eleccións a Cortes constituíntes, poñendo fin á “quenda”, e unha profunda descentralización do Estado. As discrepancias ideolóxicas entre os promotores da Asemblea e o temor dos dirixentes burgueses a un estoupido revolucionario, a consecuencia da folga promovida polas organizacións obreiras, determinou que non se acadaran os obxectivos propostos e que o goberno disolvera a Asemblea sen atopar grandes resistencias.
- **Crise social (Agosto):** foi a expresión do descontento social e plasmouse na convocatoria dunha Folga Xeral por parte dos sindicatos socialista (UXT) e anarquista (CNT). Ademais de melloras nas condicións de vida dos traballadores, esixían a formación dun goberno provisional que convocase eleccións a


Cortes constituíntes para reformar en profundidade o sistema político. O goberno respondeu coa represión militar (máis de setenta mortos e dous mil detidos) e o movemento obreiro rematou vencido e cos seus líderes no cárcere.

En síntese: en 1917, en poucos meses e de maneira sucesiva, unha parte do exército, unha parte dos parlamentarios e unha fracción organizada da clase obreira ameazaron con botar abaixo a orde constitucional e o sistema establecido. Non entanto, o Goberno conseguiu controlar a situación porque os protagonistas da crise non coincidían nos seus obxectivos nin na estratexia a seguir. Os partidos republicanos e nacionalistas, de ideoloxía burguesa e temerosos dunha revolución, renunciaron ás súas pretensións e puxéronse ao lado do Goberno, o mesmo que o exército, para restablecer a orde pública.

1918-23: a quebra do sistema

A pesares de lograr superar os acontecementos de 1917, o sistema entrou nunha crise definitiva nos anos inmediatamente posteriores. Ao longo deles acentuouse a descomposición dos partidos dinásticos -falta de liderazgo, divisións internas- e a inestabilidade política: entre 1918 e 1923 sucedéronse quince gobernos, as dificultades para lograr maiorías estables fixo necesario recorrer en ocasións a “**gobernos de concentración**”, foron frecuentes a adopción de medidas de excepción e a suspensión das Cortes... Nesa situación, o Exército foi adquirindo un protagonismo cada vez maior como represor dos conatos revolucionarios e como garantía última para a preservación da monarquía e a superación dun sistema político corrupto.

Tamén se agudizou a conflictividade social, como consecuencia do empeoramento das condicións de vida dos traballadores e das esperanzas revolucionarias suscitadas polo éxito da Revolución bolxevique rusa: Aumentou o número de folgas e de traballadores afiliados aos sindicatos. A conflictividade foi extrema en Barcelona onde, en 1919, se produciu a Folga da “Canadiense” logrando a paralización da industria local. A radicalización violenta do movemento sindical tivo como resposta, por parte da patronal, a promoción do chamado Sindicato Libre para contrarrestar a influencia anarquista, o peche patronal (“lock out”) e a contratación de pistoleiros a soldo para asasinar aos dirixentes obreiros ante a pasividade das autoridades gubernativas. En sete anos 500 obreiros e 40 patróns son asasinados, a resposta do goberno foi a represión, e a resposta dos anarquistas o asasinato do presidente do goberno Eduardo Dato.



Eduardo Dato

En 1912 os gobernos de España e Francia delimitaron a respectiva zona de influencia no norte de Marrocos e crearon o protectorado, pero para mantelo era preciso ocupalo e pacificalo. Na zona do Rif as tropas españolas avanzaban con dificultade ante a resistencia da poboación e as dificultades do terreo. Os gastos incrementáronse e o exército creou corpos específicos para a loita en Marrocos: a Lexión (1920) e os Regulares (con soldados recrutados entre os indíxenas).

En 1921 o xeneral Silvestre, co obxectivo de obter unha vitoria definitiva e estimulado polo rei, realizou unha manobra arriscada, penetrando no Rif coas súas tropas coa intención de ocupar Alhucemas; pero non asegurou a retagarda. As cábilas rifeñas, ao mando de Abd el-Krim, atacaron as súas posicións, perecendo a maioría dos seus soldados en Annual (máis de 10.000). Mal adestrados, dirixidos por oficiais ineptos, aterrorizados pola brutalidade dos ataques inimigos, os soldados españois superviventes retrocederon cara a Melilla. En poucos días, os rifeños fixéronse co control da zona e proclamaron a independencia da República do Rif (experiencia que foi precursora no mundo colonial). obrigandolle a retirarse: foi un desastre: mal adestrados, dirixidos por oficiais ineptos e aterrorizados pola degollina 13000 españois foron pasados a coitelo.



Esta tremenda derrota sacou a luz a desastrosa organización do exército en Marrocos e implicou o propio rei, xa que o xefe das tropas españolas era o seu protexido: A oposición axiña pediu responsabilidades ao exército, ao goberno e ao propio rei. Ante esta situación, o exército optou por unha decisión de forza: días antes de que se discutise nas Cortes un informe (coñecido como informe Picasso) do que se podían extraer graves responsabilidades, o Capitán Xeneral de Cataluña Miguel Primo de Rivera, deu un golpe de Estado co beneplácito de Alfonso XIII (13 de Setembro de 1923).

Imaxes : WikiComkons (Dominio Público)